

ORDET (A PALABRA)

Carl Theodor Dreyer, 1954

1706

ESTREA EN NUMAX: 30.03.2026 | V.O.S.G. | 125 min

Nunha aldea de Xutlandia, cara a 1930, vive o vello granxeiro Morten Borgen cos seus tres fillos; Mikkel está casado con Inger e ten dúas fillas; Johannes identifícase coa figura de Xesucristo e está considerado coma tolo; Anders, está namorado da filla do xastre, intransixente líder dunha relixión rival.

A sesión inclúese dentro do ciclo "De Lugares e Órganos" e será presentada polos organizadores do festival. O filme será proxectado con subtítulos ao galego grazas ao apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL).



Entrevista con Carl-Theodor Dreyer: «É moi difícil adaptar a Munk porque é necesario conservalo e ao mesmo tempo librarse del»

Por Por Bjorn Ramussen

A idea de facer unha película sobre *Ordet* data nada menos que de hai 22 anos (cando presenciei a estrea da obra de Kaj Munk no Betty Nausen Theatre” de Copenhague. A obra impresionoume vivamente, así como a valentía con que o autor atacaba os problemas. Érame realmente imposible librarme da influencia da obra e sigo aínda admirando a facilidade con que o autor conseguía as súas paradoxais pretensións. Ao acabar o espectáculo, estaba completamente seguro de que na obra había un estupendo asunto cinematográfico.

Cando escribiu vostede o guión? Pasaron 20 anos antes de decidirme a empezar. Cando chegou o momento, examinei de novo as ideas de Kaj Munk. Durante todo ese tempo sucederon moitas cousas. A ciencia contemporánea dixerá que fóra do mundo tridimensional, perceptible aos sentidos naturais, hai tamén unha cuarta dimensión –a do tempo– e aínda unha quinta, que é a dimensión psíquica. Abríronse novas perspectivas e pódese recoñecer unha conexión profunda entre as ciencias exactas e a relixión intuitiva. A nova ciencia permítenos comprender mellor o que ten relación con Deus e lévanos polo camiño que nos dá unha explicación natural de cousas sobrenaturais. Ao Johannes de Kaj Munk vémosto nós dunha maneira distinta. Munk tivo un presentimento neste sentido cando, ao escribir a súa obra en 1925, indicaba que Johannes estaba máis preto de Deus que os cristiáns que o rodean.

É difícil adaptar a Kaj Munk para o cinema? Si, moi difícil, porque é necesario conservalo, ao mesmo tempo que librarse del. Non se pode esquecer a intención que Munk tivo ao escribir o seu drama e hai que facer, por tanto, que a película estea supeditada a esa intención. Pero non se pode esquecer tampouco que a obra estaba orixinalmente escrita para o teatro e que as leis do teatro son moi distintas ás do cinema: situacións e escenas que son moi eficaces no teatro, significarían un gran perigo para o desenvolvemento da película, polo cal se impón sempre unha revalorización e ata unha simplificación. Poderíase dicir que é un asunto de purificación, porque hai que suprimir todos os elementos que non contribúan a mellorar a idea central; hai que comprimir, en definitiva.

O seu estilo e a composición plástica das súas imaxes, fixéronse soadas en todo o mundo... Por fortuna, tiven a sorte de atopar sempre excelentes fotógrafos que comprenderon os meus desexos e realizáronos. Pola miña banda, non entendo unha palabra do traballo do operador, nin sei absolutamente nada de “luz”, “diafragma”, “negativo” e “positivo”. Pero sempre me interesei un pouco polo encadre e pola composición das imaxes. Creo que para conseguir unha bela imaxe é necesario que estean de acordo o realizador e o operador. En *Ordet*, o meu operadortíña só 27 anos, Henning Bendtsen, moi intelixente e un verdadeiro artista. Estivemos completamente de acordo desde o comezo da película e ningún de nós desexabamos só unha bela fotografía, senón, sobre todo, que a película se desenvolvese dentro da súa atmosfera propia. Hai 30 anos, os operadores falaban de “iluminar”, agora tamén se fala de escurecer, xa que é tan importante como iluminar as imaxes. Un rostro fotografado na escuridade poderá dar, por si só, o efecto que se desexa sen necesidade doutro recurso.

Identifícase o estilo da fotografía co estilo da película? Non; o estilo non está só na fotografía, senón que o forman numerosos elementos: o tempo da acción, o movemento, o ritmo...E o ritmo total dunha película créase por un conxunto de moitos ritmos diferentes nos que intervén, principalmente, a cámara, movéndose ao son do diálogo.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Ordet. La palabra,
Kaj Munk / Carl Theodor
Dreyer.
Sígueme. 2009